

AVOGACÍA COMPOSTELÁ

Nº 23 Outono 2023
Revista dixital



Ilustre Colexio da Avogacía
de Santiago de Compostela

«Hai que investir en xustiza, pero tamén é preciso mellorar o sistema, acomodar as estruturas xudiciais ás novas realidades territoriais»



Álvaro García Ortiz,
fiscal xeral do Estado

Pedro Blanco Lobeiras,
delegado do Goberno en Galicia



«A xustiza gratuita que temos en España non podería funcionar sen a xestión que realizan acotío os colexios da avogacía»

VIDA COLEXIAL

Colexiados e colexiadas con varias décadas de experiencia repasan con numerosas anécdotas a súa traxectoria

Entrada en vigor do novo Estatuto do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostel



Celebración de San Raimundo de Peñafort

AO PÉ DA LETRA

Cara a unha linguaxe xurídica galega de calidade

Francisco Freire Vila
Filólogo e profesor de cursos de linguaxe xurídica da Secretaría Xeral de Política Lingüística



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Servizos Colexiados

Acceso Libre



Circulares

Todas as novidades de ICA Santiago para os Colexiados: circulares informativas, notas informativas, newsletter, etc.

LexNET

LexNet - Servizos Telemáticos

Lexnet, Servizos Recadragia, Reclamacións tráfico (Sop-Lex)

SIGA

SIGA

Programa de Nación Colexial



Oficina Virtual

Siguro PC, formularios e relacións de cursos, calificacións de cursos, calificacións de cursos



Quenda de Oficio

AVGNet, Sistema de notificación electrónica, Baremos de compensación económica, normativa, lista de gaitas, formularios



Bases de Datos - Biblioteca Online

Biblioteca Online, Bases de datos (Tirant, La Ley, Cerdas)



Taxación de custas

Calculo de honorarios en taxación de custas, Calculadora escala tipo



Ferramentas - Calculadoras

Calculadoras: custas, taxas, kudos, xudiciais, cláusulas chris, indemnización por despedimento, embargo de salario, etc.



Sede Electrónica Xudicial

Espazo no que a Administración de Xustiza en Galicia, cidadáns e profesionais se relacionan no marco da actividade xudicial



Guía Colexial - Revista

Guía Colexial, Revista ICA Santiago "Avogacía Compostela", Consulta todos os números da nosa revista Colexial



Servizo de Asesoramento Lingüístico

Espazo de formación, apoio e actualización continuada en materia de lingua para todos os Colexiados e persoas relacionadas coa avogacía



Taboleiro de Anuncios

Consulta o taboleiro de anuncios online de ICA Santiago para estar ao día de novidades e avisos do Colexio



Outros Servizos

Outros servizos Colexiais: acceso a conta de correo electrónico e sinatura electrónica



Mediación

Servizo de mediación ICAS: normativa Colexial e estatal, formularios, rexistro de mediadores, etc.

Páxina web do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela

ACCESOS DESTACADOS



CONTACTA CON NÓS



Enderezo:

Rue Eduardo Pondal, 4
15702 Santiago de Compostela

Teléfono:

981 581 713

Fax:

981 581 132

Email:

contacta con nós >

Horario:

Atención ao público: luns a venres, de 09:00 a 14:00

COLABORADORES





Avogacía Compostelá

Dirección

Xunta de goberno



Secretaría técnica

Manuel Arza Galán



Asesoramento lingüístico

Martín Ramos Insua



Contidos

Pablo G. Quintas
(Lupa Comunicación)



Maquetación

José S. Vilariño Vázquez



1844 - 2023

Sumario

Editorial	4
NOVAS DA AVOGACÍA	
Chamamento da Avogacía aos partidos políticos e os poderes públicos para alcanzar un pacto de Estado e reformar a xustiza	5
Entrada en vigor do novo Estatuto do Colexio da Avogacía de Santiago	5
Un ano 2023 complicado para a Administración de xustiza	6
Reivindicacións da quenda de oficio e unha solución á parálise da xustiza...	6
Convenio de colaboración entre o Poder Xudicial e a Avogacía para mellorar a eficacia dos xulgados e tribunais	7
Augusto José Pérez-Cepeda Vila toma posesión como presidente do Consello da Avogacía Galega	7
REPORTAXE	
Unha vida dedicada á avogacía. Falan algúns dos colexiados e colexiadas con máis experiencia na profesión . . .	8
ENTREVISTAS	
Álvaro García Ortiz, fiscal xeral do Estado:	10
Pedro Blanco Lobeiras, delegado do Goberno en Galicia:	14
COLABORACIÓN	
Base de datos de xurisprudencia ICA Santiago	18
VIDA COLEXIAL	
Festividade de San Raimundo de Peñafort	19
Acto da Escola de Práctica Xurídica para despedir a última promoción do máster en avogacía	22
Aprobación da conta xeral e toma de posesión dos membros da xunta de goberno	23
Charlas informativas sobre a Mutualidade e o RETA	24
Evaristo Nogueira, Gran Cruz ao Mérito no Servizo á Avogacía	24
Congreso Anual da Asociación Nacional de Laboralistas en Santiago	25
Visita ao Colexio da Avogacía de Santiago de colexios do Brasil e México	25
Convenio de colaboración entre a Avogacía de Santiago e Unión de Artesanos	25
Xornadas de violencia de xénero e vítimas de violencia sexual	26
XVI Xornada Xustiza e Lingua: reflexións para a normalización	26
Ao pé da letra: Cara a unha linguaxe xurídica galega de calidade	27
O Colexio nas redes	30
O Colexio nos medios	31

Co patrocinio de:



**XUNTA
DE GALICIA**

Depósito legal: C-3778-2007
Deseño: LUPA Comunicación

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non se fai responsable das opinións expresadas polos seus colaboradores.



Francisco
Rabuñal Mosquera

Decano do Ilustre Colexio da Avogacía
de Santiago de Compostela

Estimadas compañeiras, / Estimados compañeros,

«DIVIDE E VENCERÁS», a máxima latina atribuída a Xulio César, parece que xa era usada politicamente na antiga Grecia como unha forma de chegar ao poder ou de mantelo mediante a ruptura das estruturas máis grandes; pero sempre a entendín como unha estratexia para usar fronte ao noso opositor, pero nunca fronte aos nosos. Tamén con este mesmo aforismo iniciaba un compañeiro un artigo no que se cuestionaba: «¿A *quién interesa la división de la abogacía?*» e, aínda, non teño moi claro a quen interesa, pero si teño claro a quen non. Teño claro que só unha avogacía unida conseguiu e pode conseguir os seus obxectivos; a acta fundacional do noso Colexio, que fai este mes 179 anos, é un exercicio de unidade, xa daquela fronte á privación que sufría nosa Cidade de institucións administrativas e xudiciais.

Non entendo como algunhas compañeiras e compañeiros entenden que as institucións colexiais se obstinan en prexudicar os seus membros, cando aqueles que as dirixen son parte do colectivo, o mesmo que, previa e democraticamente, os elixe periodicamente para representalos. O descrédito das institucións colexiais non creo que sexa o mellor camiño para resolver temas como a quenda de oficio ou a xubilación, que non dependen das devanditas institucións, as cales levan anos tentando resolvelos.

Grazas ás compañeiras e compañeiros que comparten na nosa revista as súas primeiras experiencias cando comezaban o seu exercicio profesional, os seus consellos e a visión da xustiza, sen dúbida interesantes para os máis novos e, non tan novos. Contamos tamén cunha entrevista ao fiscal xeral do Estado, Alvaro García Ortiz, ata hai pouco máis dun ano fiscal da Área de Santiago de Compostela, con quen todos compartimos estrados en máis dunha ocasión (incluso compartindo posición xurídica) e a quen lle desexamos moitos éxitos.

Entrevistamos o noso querido compañeiro, tamén no seu día da Xunta de Goberno, Pedro Blanco Lobeiras. O seu bo facer e a súa vocación de servizo, que sempre demostrou, son sen dúbida sinais de identidade que presidirán o seu actuar como delegado do Goberno en Galicia.


Tamén facemos un repaso de momentos máis lúdicos, a nosa Festa de San Raimundo, que este ano, por vez primeira, celebrabamos na primavera e que, xunto con outras actividades formativas ou a subscrición de convenios, completaron a actividade colexial este ano.

Xa próximos a rematar este 2023, aproveito para desexarvos un bo fin de ano e un mellor 2024, no que con unidade e esforzo poidamos dar solución a tantos problemas que a avogacía vén soportando.

Moitas grazas, unha forte aperta,

Francisco Rabuñal Mosquera

Chamamento da Avogacía aos partidos políticos e aos poderes públicos para alcanzar un pacto de Estado e reformar a xustiza



Xunta de Goberno do Colexio da Avogacía de Santiago participou no XIII Congreso da Avogacía Española, levado a cabo en Tarragona, onde se analizaron os retos da profesión.


A avogacía fai un chamamento aos partidos e aos poderes públicos para que, desde o diálogo e o consenso, alcancen un pacto de Estado «estable e duradeiro» para reformar un servizo público de xustiza «ao bordo do colapso».

As conclusións desta cita incluíron tamén un paquete de propostas de emendas ao proxecto de lei do dereito de defensa. Entre esas emendas, que abordan aspectos moi diversos, inclúese un reforzo da presunción de inocencia, o aseguramento das garantías de asesoramento xurídico da persoa detida, unha maior concreción respecto das garantías do segredo profesional e o establecemento de criterios de honorarios para que a persoa interesada poida coñecer o posible custo de emprender accións xudiciais, entre outras.



As conclusións recolleron tamén un reforzo do procedemento de amparo colexial, establecido para protexer a dignidade do avogado e da avogada no exercicio da súa profesión e, sobre intermediación e novos modelos de negocio, aprobouse, entre outras conclusións, determinar o alcance do segredo profesional para os avogados e avogadas de empresas.

Entrada en vigor do novo Estatuto do Colexio da Avogacía de Santiago



Diario Oficial de Galicia do 28 de agosto publicou o novo estatuto do Colexio da Avogacía de Santiago, que pasou a estar en vigor o día seguinte.

O estatuto recolle o cambio de denominación da institución, que pasa a chamarse Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela. O texto ofrece unha linguaxe inclusiva e democrática en prol da igualdade efectiva de mulleres e homes, “en consonancia co compromiso desta corporación co principio de igualdade de xénero”.


Coa mesma perspectiva, considerouse que era o

momento oportuno para adaptar e modernizar a denominación do colexio, «para adecuala ás recomendacións que se veñen ofrecendo sobre esta materia, tanto desde as administracións estatal e autonómica, como desde o goberno institucional da avogacía», explica o decano, Francisco Rabuñal.

A renovación do estatuto leva consigo unha aposta decidida pola modernización do colexio en todos os ámbitos, e de maneira especial no relativo ás novas tecnoloxías, dada a implantación das plataformas dixitais de interacción cos órganos xudiciais e, en xeral, coas administracións públicas.

Un ano 2023 complicado para a Administración de xustiza

A Avogacía de Santiago advertiu en varias ocasións durante a folga dos letrados e letradas da xustiza «das gravísimas consecuencias para a cidadanía e do colapso nos tribunais»



2023 foi un ano complicado para a Administración de xustiza, con varios conflitos e folgas que provocaron máis atrasos e unha situación de colapso nos tribunais.


Un dos momentos máis difíciles foi a folga dos letrados e letradas da xustiza, que comezou o 24 de xaneiro e rematou o 27 de marzo. Respectando o seu dereito, a Avogacía de Santiago advertiu en varias ocasións durante eses dous meses «das gravísimas consecuencias para a cidadanía e do colapso nos tribunais» pola folga, «con procedementos aprazados sen horizonte temporal».

Nun comunicado do colexio publicado polos medios de comunicación a principios de marzo, a xunta de goberno destacaba as graves consecuencias da folga, entre as que estaban «a vulneración do dereito a unha tutela xudicial efectiva a todos os cidadáns que se ven na necesidade de acudir aos tribunais», e «o colapso, agora xa estrutural, que padece a Administración de xustiza e que se aprofundou nos últimos anos».

A xunta de goberno tamén considerou «necesario poñer de manifesto que esta folga supón un grave problema para moitos compañeiros cuxa carga de traballo e, en consecuencia, os seus ingresos, dependen maioritariamente do funcionamento dos órganos xudiciais e aos que as suspensións das vistas, a paralización dos procedementos, das taxacións de custas, ou dos pagamentos das contas de consignacións, supón pasar de novo por un momento de incerteza económica e laboral».



Reivindicacións da quenda de oficio e unha solución á parálise da xustiza



Avogacía de Santiago concentrouse no mes de xuño diante dos xulgados das Fontiñas para amosar a súa preocupación «polo colapso dos xulgados e tribunais» e para reivindicar «a dignidade da quenda de oficio como servizo público esencial».


«Necesitamos un pacto de estado pola xustiza que a sitúe como unha prioridade», asegurou Francisco Rabuñal, decano do Colexio da Avogacía de Santiago. «Cidadáns e operadores xurídicos debemos saír a dicir basta, basta dunha xustiza precaria, basta de paralizacións, basta de atrasos e basta de falta de medios económicos, humanos e técnicos», engadiu.

O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela secundou desta forma a concentración convocada polo Consejo General de la Abogacía Española (CGAE) ante as sedes dos xulgados de toda España.

«A Xustiza vive un dos seus peores momentos da democracia; á histórica falta de medios habemos de sumarlle as continuas paralizacións froito de lexítimas pretensións dos funcionarios que traballan na xustiza, pero que teñen como consecuencia unha paralización continua desta con diferentes folgas», manifestou Rabuñal.



Convenio de colaboración entre o Poder Xudicial e a Avogacía para mellorar a eficacia dos xulgados e tribunais



presidente suplente do Consello Xeral do Poder Xudicial, Vicente Guilarte, e mais a presidenta do Consejo General de la Abogacía Española, Victoria Ortega, asinaron en outubro un convenio

marco de colaboración para intensificar as relacións entre ambas as institucións en beneficio do eficaz e mellor funcionamento de xulgados e tribunais e da maior calidade do exercicio da profesión da avogacía.

Coa rúbrica deste acordo, cuxa vixencia será de catro anos, o órgano de goberno dos xuíces e da Avogacía sentan as bases para unha alianza estratéxica que levará a accións concretas en áreas compartidas de interese mutuo para ambas as institucións.

Materialízase deste xeito a vontade de reforzar as súas relacións promovendo iniciativas e actividades que

melloren a coordinación das actuacións xudiciais e colexiais, así como en materia de formación, novas tecnoloxías e en todos os ámbitos competenciais de interese común.

Tanto o Consello Xeral do Poder Xudicial como o Consejo General de la Abogacía Española comprométese a poñer esta iniciativa en


coñecemento dos órganos xudiciais, dos membros da carreira xudicial, de todos os profesionais da avogacía en España e, tamén, doutros colectivos profesionais e operadores xurídicos que poidan intervir no proceso.

Unha comisión mixta de seguimento, integrada por

tres representantes de cada institución e cuxa presidencia será rotatoria, farase cargo da coordinación das actividades necesarias para a execución do convenio e vixiará o seu cumprimento. A comisión reunirse con periodicidade trimestral.



Augusto José Pérez-Cepeda Vila toma posesión como presidente do Consello da Avogacía Galega



Augusto José Pérez-Cepeda Vila, decano do Colexio da Avogacía da Coruña, tomou posesión como novo presidente do Consello da Avogacía Galega, sucedendo no cargo a Lourdes Carballo Fidalgo.

No seu discurso como novo presidente do Consello da Avogacía Galega, Augusto Pérez-Cepeda sinalou «loitarei e darei o mellor de min pola avogacía. Dispoñerei de toda a miña dedicación para dar a coñecer o Consello da Avogacía Galega como o que é, a casa de todas as avogadas e avogados

de Galicia. Ten que ser unha institución que nos una e que unifique as nosas accións, respectando a independencia dos colexios da avogacía da comunidade».



Unha vida enteira dedicada ao exercicio da avogacía

Filomena Casal, José Vispo, Manuel Martín e Juan Guillán lembran os seus comezos e a transformación da avogacía nos últimos 50 anos

No 2024, o Colexio da Avogacía de Santiago cumprirá 180 anos. A institución fundouse un 16 de novembro de 1844 da man de Joaquín Ferreiro, un letrado moi coñecido na sociedade compostelá. Daquela, só había 28 avogados colexiados e hoxe hai máis 1.400.

Alguns deles levan varias décadas en exercicio e son testemuñas dos cambios nunha profesión que, como o conxunto da sociedade, tivo que adaptarse a Internet e á dixitalización, entre outros moitos aspectos.

Filomena Casal comezou a exercer no ano 1976. «A avogacía era moi rústica por aquel entón, nin sequeira tiñamos á nosa disposición unha copia das providencias ou das dilixencias», asegura.

«Tampouco había togas de talle de muller e o noso aspecto era moito máis formal», afirma Casal, que lembra un día que acudiu a un xuízo cunhas botas e ao rematalo lle advertiron que non debía volver facelo.

Falando dos procedementos, Casal apunta que «había menos conflictividade, menos asuntos nos tribunais» e considera «a dixitalización do sector un dos principais cambios nestas décadas, ter en tempo real as resolucións que se adoptan achega moita axilidade». Por outra parte, «o volume de asuntos é moito maior, o que implica máis demora e máis atrasos».

En referencia aos novos e novas avogadas, cre que

«a situación do mercado laboral é complicada, hai moita oferta e é complicado entrar, aínda que si o teñen máis doado en canto a algúns aspectos; antes, por exemplo, só tiñamos o Aranzadi para documentarnos».

«Non me atrevo a darlles un consello, o único que lles pediría é que sexan moi responsables desde un punto de vista ético e deontolóxico, non vale todo e deben ser moi coidadosos», sostén Filomena Casal.

Xa por último, con respecto á situación da xustiza, Casal advirte «dunha quebra da xustiza porque hai unha quebra da división de poderes».

Compañeirismo

Manuel Martín leva máis de medio século exercendo como avogado: «Eu son dos que aínda tiñamos que ir á Audiencia da Coruña a darnos de alta para poder comezar a traballar».

«Son de Muxía, dunha familia humilde, e o acceso á facultade xa era un problema grande», lembra Martín, «e en moitas ocasións era necesario alternar traballo e estudos; no meu caso, conseguín un traballo no colexio Manuel Peleteiro, o que para min foi unha importante axuda».

Comparando os seus comezos como avogado coa etapa actual, Manuel Martín fala «dunha diferenza abismal; antes formabamos un gran grupo, todos nos coñeciamos e había un gran compañeirismo».



O principal cambio desde a década dos 70 do século pasado? A dixitalización da xustiza

«Lembro os xulgados nos baixos do concello, e despois pasaron pola Algalia antes da sede actual das Fontiñas», manifesta Martín, que ten tamén un gran recordo «do meu paso pola xunta de goberno do colexio e da miña etapa na Escola de Práctica Xurídica».

«Agora os máis novos téñeno máis complicado, por exemplo, as persoas que traballan na quenda de oficio; a falta de ingresos é loxicamente un problema grande cando comezas nunha profesión», afirma.

En canto a consellos para os máis novos, recoméndalles «prudencia e un trato exquisito cos compañeiros e compañeiras de profesión».

Por último, Manuel Martín considera «moi delicada a situación da xustiza, é necesaria unha solución conxunta, que todas as partes estean implicadas, porque se non vai ser moi complicado».

Máis medios

José Vispo leva exercendo desde o ano 1964: «Eran outra clase de asuntos, temas de lindeiros, augas ou sucesións». «Por suposto, daquela usabamos máquinas de escribir ou incluso a man», apunta.

«Cando comecei a exercer, coñecíamonos todos, algo que agora non pasa porque hai moitos avogados e avogadas», lembra Vispo. «Todo cambiou moito, antes moitas veces chegaban os clientes porque vían o anuncio na porta, mentres que agora está Internet ou te coñecen por outros medios», engade.

Considera que «agora os máis novos deberían de telo máis fácil, teñen mellor formación, pero é verdade que hai outras dificultades», afirma Vispo, que asegura que «antes podíamos estar dous ou tres anos nun despacho aprendendo».

Ese é precisamente o consello que lles dá aos novos e novas avogadas: «Que estean seis meses ou un ano traballando nun despacho de avogados, aprendendo como enfocar os asuntos, como é o día a día da

profesión, antes de se poñer pola súa conta».

Por último, en relación coa situación da xustiza, apunta que «non mellorou moito, pero non sei se está peor que nunca». «Os xulgados non dan abasto, son necesarios máis medios, porque hai asuntos que se atrasan varios anos», remata.

Estudar e practicar

Juan Guillán Fajardo cumpriu o ano pasado as súas vodas de ouro como avogado, xa que exerce desde o ano 1973. «Eramos poucos avogados, coñecíamonos incluso polo tipo de redacción dos escritos», lembra, «pero a relación era excelente».

«Os preitos estaban máis relacionados co Dereito Civil: servidumes, propiedades, dominios etc.». Como outros compañeiros, considera que a principal mudanza foi «a dixitalización, eu sempre digo en broma que o que me vai xubilar é a modernidade».

«Tamén destaco os cambios constantes na lexislación que hai agora, antes a xurisprudencia era máis uniforme», destaca Juan Guillán, «pero agora hai modificacións continuas».

Con respecto aos avogados e avogadas máis novas, «por unha parte téñeno máis fácil, porque hai máis medios e poden asesorarse dunha maneira máis sinxela, pero no plano laboral hai demasiada oferta de profesionais».

«Un consello? Que non se desanimen, que estuden e que traballen, que practiquen moito nos seus primeiros anos de exercicio; iso é máis importante ao principio que os ingresos», afirma.

«Non vexo a xustiza peor que nunca, aínda que por suposto son necesarias melloras; aínda lembro cando no xulgado de Noia caía directamente auga sobre os expedientes; agora temos moitos máis medios e a administración de xustiza é mellor», remata Juan Guillán.

Destacan o compañeirismo entre os e as profesionais da avogacía que había 40 ou 50 anos atrás



Entrevista a **Álvaro García Ortiz**, *fiscal xeral do Estado*

“Hai que investir en xustiza, pero tamén é preciso mellorar o sistema, acomodar as estruturas xudiciais ás novas realidades territoriais”

Moi coñecido en Galicia pola súa experiencia profesional en temas como os incendios en Galicia ou no caso Prestige, “un suceso que cambiou a miña vida”. O fiscal xeral do Estado, Álvaro García Ortiz, asegura que “en Santiago de Compostela contamos cun nivel de excelencia profesional máis que notable na avogacía, ao nivel dos mellores”

Antes de abordar a actualidade, remontámonos aos comezos para preguntarlle por que estudou Dereito. Foi un tema vocacional ou había antecedentes familiares?

É difícil dicir aos 17 anos por que razón te inclinas por unha carreira ou por outra. No meu caso os

antecedentes familiares están todos relacionados coa sanidade, e non co dereito. Foi, como en todos os casos, supoño, o inicio dun camiño incerto e á vez emocionante de descubrimento dun mundo profesional moi diferente ao da miña contorna familiar.



“Traballamos pola defensa dos vulnerables e para conseguir maiores cotas de autonomía para os fiscais, poñendo sempre a dignidade do ser humano por diante de calquera outra consideración”

Unha vez licenciado, tivo claro desde o principio que ía opositar á fiscalía?

Que ía opositar a unha profesión xurídica pública, si, sempre tiven a vocación de servidor público. Elixir entre a carreira fiscal ou a xudicial (o sistema de acceso é idéntico e agora común) veu determinado por unha secuencia temporal, agora creo que foi un acerto, pero como en tantas cousas da vida, sobre todo eliximos con poucos elementos de decisión.

O seu primeiro destino profesional foi Maó (Menorca), que lembra daquela etapa?

Unha época marabillosa, iniciática en todos os sentidos. Unha contorna privilexiada, uns compañeiros incríbles e os primeiros pasos profesionais e familiares. A miña filla maior naceu

“Hai que poñer a defensa do medioambiente no centro do debate público, en todos os sentidos, estamos nun tempo de emerxencia climática e é preciso que adoptemos as medidas necesarias”



alí, iso simbolízao todo, e a pesar de que as diferenzas culturais e lingüísticas son evidentes, sempre fomos acollidos na illa coma se foramos de alí. Aínda seguimos indo sempre que podemos.

Xa en Galicia, coñeceu de preto o problema dos incendios. Son un problema endémico? Considera que avanzamos algo socialmente neste tema?

Avanzamos nalgúns aspectos e menos noutros. Hai que poñer a defensa do medioambiente no centro do debate público, en todos os sentidos. Estamos nun tempo de emerxencia climática e é preciso que adoptemos as medidas necesarias para mitigar o efecto do cambio. Non só o dereito

penal, é unha acción pública, social e particular imprescindible. Os incendios forestais son agora mesmo un reflexo das condicións extremas ás que nos leva este cambio climático, é dicir que a un problema endémico e xa existente súmanse agora factores de risco que agravan esta problemática. Pero o problema dos incendios vai máis aló, é un problema de país. Todas as administracións públicas, entre as que nos atopamos, e toda a cidadanía estamos obrigados a extremar os nosos esforzos neste sentido.

Que máis se pode facer?

É fundamental previr, adoptar todas as medidas de prevención posibles en materia de incendios forestais e non forestais. En materia de incendios hai que escoitar os expertos. En Galicia temos moitas persoas que son vangarda e teñen

unha experiencia acumulada de moitos anos na loita contra os incendios, a elas e a eles hai que darlles o protagonismo para a loita contra este complexísimo problema. Fuxir de lugares comúns e solucións simples, que non existen, e afrontalo como unha prioridade, como país e como sociedade.

Despois chegou o caso Prestige, que é o primeiro que se lle pasa pola cabeza cando lembra ese caso?

Como a case todos, o primeiro é o recordo de onde estaba e que facía cando se recibiron as primeiras noticias. Despois, todo un río de recordos nun

suceso que marcou a miña vida, no persoal e no profesional.

Cambiou moito o traballo da fiscalía desde que comezou a exercer, á marxe dos cambios provocados polas novas tecnoloxías e a dixitalización?

Desde logo, o número de fiscais practicamente dobreuse desde a miña incorporación á carreira, e a fiscalía española é outra desde o ano 1998. A especialización e a implicación nos procedementos, especialmente nas gardas e na propia instrución, é moito maior. Gañamos peso e protagonismo, creo que lle prestamos un mellor servizo á cidadanía, en todos os campos, non só no proceso penal.

Temos que preguntarlle polos avogados de Santiago, que destaca da súa relación con eles durante todos estes anos.

Sempre tiveron unha relación excelente. Todos participamos na Administración de xustiza con diferentes roles e creo que en Santiago enténdese moi ben esta repartición de papeis e facilita o exercicio das nosas responsabilidades sen que iso mingüe o bo trato e a colaboración entre nós. En Santiago contamos cun nivel de excelencia profesional máis que notable na avogacía, ao nivel dos mellores. Son factores moi importantes ao meu xuízo, a proximidade e o bo ambiente de traballo entre os profesionais, e un ambiente de colaboración interinstitucional de todos os colectivos, en especial, en canto á formación dos letrados, a proximidade da universidade e as

institucións, e sobre todo a implicación do colexio da avogacía nesta formación.

Debe mellorar a relación e a coordinación entre os axentes do sector xudicial, entre xuíces, fiscais e avogados?

Sen dúbida, hai que poñer os instrumentos necesarios para iso. En Santiago é unha boa relación, pero o principio que debe informar desa relación é que a xustiza é un servizo público, e todas e todos estamos obrigados a participar nela; non é patrimonio de ninguén, pertence á cidadanía. Traballamos para mellorar a vida das persoas.

Durante o verán, manifestou a dificultade de poñer en marcha a Lei de axuizamento criminal. Por que motivos?

Sobre todo é unha necesidade, somos unha illa en Europa cun modelo procesual caduco. Debería ser unha prioridade porque é a maneira de sermos máis eficaces. Necesitamos calma e tranquilidade para afrontar como país esta reforma, con todas as garantías, para ademais aumentar a confianza na xustiza e na fiscalía.

Cales son os dous ou tres retos que se marca como fiscal xeral do Estado?

Hai retos moi claros, e hai unha liña de continuidade no traballo xa realizado: a defensa dos vulnerables, conseguir maiores cotas de autonomía para os fiscais, e poñer sempre a dignidade do ser humano por diante de calquera outra consideración.

“A Lei de axuizamento criminal é unha necesidade, somos unha illa en Europa cun modelo procesual caduco. Debería ser unha prioridade porque é a maneira de ser máis eficaces”





“Non é concibible esta situación de bloqueo intencionado ou condicionado no Consello Xeral do Poder Xudicial por mor doutros intereses alleos ao propio goberno dos xuíces”

Hai un debate na sociedade sobre a elección do Consello Xeral do Poder Xudicial. Está contaminado ou é un debate comprensible?

É un debate comprensible pois non é concibible esta situación de bloqueo intencionado ou condicionado durante anos por mor doutros intereses alleos ao propio goberno dos xuíces.

O cidadán non entende a lentitude da xustiza, sobre todo cando volven á actualidade casos como o do Alvia. Como pode mellorar a

Administración de xustiza para acurtar prazos?

Non hai unha receita milagrosa. Por suposto mellorando os medios postos ao dispor da xustiza, hai que investir en xustiza porque é en beneficio de todos. Pero tamén é preciso mellorar o sistema, repensar o modelo de xustiza penal, acomodar as estruturas xudiciais ás novas realidades territoriais e ás novas necesidades sociais. Múltiples factores e todos eles moi importantes.

CUESTIONARIO PERSOAL:

Campo ou cidade? Ambos, Galicia permite que non haxa que elixir.

Un lugar de Galicia: Santiago

Un libro: *Rayuela*

Unha comida: Tortilla de patacas

E para beber? Un bo tinto

Unha frase: “A culpa do asno non lla hei de botar á albarda”. Cervantes.

Un personaxe histórico: Ibn Battuta

Un sinónimo de Galicia: Xenerosa

Unha película: *A palabra (Ordet)*, de Dreyer.

Unha canción: *Wish you were here* (Pink Floyd)

Un desexo: Volver

Un vicio confesable: Debuxar

Entrevista a **Pedro Blanco Lobeiras**, delegado do Goberno en Galicia

«A xustiza gratuíta que temos en España non podería funcionar sen a xestión que realizan acotío os colexios da avogacía»

Recoñece que os primeiros meses como delegado do goberno en Galicia «están sendo moi intensos», pero asegura «estar moi contento nesta etapa que estou a vivir». Pedro Blanco lembra a súa traxectoria como avogado e pon en valor o labor que «cada día os nosos órganos xurisdicionais, unipersoais ou colexiados, desempeñan, moi lonxe do ruído que ás veces se monta ao seu carón».

Por que decidiu estudar Dereito? Foi un tema vocacional ou tiña antecedentes familiares?

Eu fun o primeiro da familia a quen lle deu pola rama do dereito. Teño dúas irmás maiores ás que lles deu pola medicina, pero a min deume polo dereito. Empeceino porque quería entrar na policía, e daquela para o corpo superior requirían unha diplomatura ou tres anos; tiña pensado facer criminoloxía pero ese ano non houbo matrícula e metínme en dereito e, como non se me deu mal, acabei.

Non teño antecedentes familiares, os meus pais non tiñan estudos universitarios, eran os dous labregos que traballaron moito para que os catro irmáns estudásemos.

Unha vez rematada a licenciatura, tiña claro que quería exercer como avogado?

Aínda que a banca foi o meu primeiro destino profesional, primeiro de bolseiro (cunha Feuga) e despois como empregado (no Banco Pastor), cando me propuxeron exercer, non fun capaz de negarme. Tiña a ilusión de traballar de avogado.

Mudou moito a profesión da avogacía dende que vostede comezou a exercer?

Teño que recoñecer que cambiou moito, tanto en medios como en procedementos, afortunadamente. Cando eu empecei o interrogatorio das partes e das testemuñas era por escrito, con pregos de preguntas e repreguntas e o xuíz ou a xuíza non estaba presente. En fin, na xurisdición social mu-

dou menos porque dende que eu lembro sempre foi oral.

Empezou moi novo a traballar en UXT, que recorda dos seus comezos no sindicato?

Lembro a escaseza de medios; custoume convencer o daquela secretario xeral, Suso Mosquera, de que me mercase un ordenador para facer as demandas... Lembro que moitos traballadores e tra-

“O gran labor que fan os sindicatos en conseguir o progreso dos traballadores non está, dende logo, suficientemente valorado”



balladoras non sabían que tiñan dereito a unha liquidación ou indemnización cando os despedían sen causa ou motivo. En fin, faltaba moita pedagoxía dos dereitos das persoas traballadoras.

En que consistía basicamente o seu traballo en UXT durante todos estes anos?

Un pouco de todo, pero principalmente representar e defender as persoas traballadoras e as persoas beneficiarias da seguridade social, así como os órganos de representación das persoas traballadoras e a UXT, nos xulgados e tribunais. En definitiva, na súa defensa nos xuízos.

Tamén tiven a honra de representar a UXT Galicia en moitísimos foros nos que, como organización sindical máis representativa, participaba activamente na negociación colectiva ou na propia formación dos cadros e persoas traballadoras, na emisión de informes etc.

A verdade é que se trata dun traballo apaixonante, que en gran medida teño que agradecer aos dous secretarios xerais de UXT Galicia (Susó Mosquera e José Antonio Gómez), aos diferentes membros das súas comisións executivas, así como aos responsables das diferentes federacións, que integran a UXT, pola confianza e a colaboración que sempre me brindaron.

Como valora a situación actual dos sindicatos? Considera que a sociedade valora todo o traba-

llo que fan? Deben evolucionar dalgunha maneira?

O gran labor que fan os sindicatos de conseguir o progreso dos traballadores non está, dende logo, suficientemente valorado. E é, en gran parte, por descoñecemento do traballo que fan.

Fíxese, vostede, cando un sindicato en España negocia e acada melloras para os traballadores e traballadoras, eses beneficios (incrementos salariais, reducións de xornada, incrementos do SMI, das pensións etc.) non son só para as persoas afiliadas a esa organización sindical, senón para **todos e todas as persoas traballadoras** ou pensionistas. De aí a importancia de recoñecer a función social que a Constitución lles atribúe.

Ten tamén experiencia no seu propio bufete. En que materias está especializado?

En materia social (laboral e seguridade social). É o despacho de referencia da Federación de Industria, Construción e Afíns de UXT na Costa Lucense (FICA UXT Costa Lucense).

De todos os modos, o despacho tamén leva civil, administrativo e penal (este último exclusivamente o meu socio, Roberto Guerra). E teño que confesar que me apaixona o dereito en calquera das ramas.

Con respecto á xustiza en xeral... considera que é unha materia pendente en España? Que se debe facer para mellorar e axilizar a xustiza?

A xustiza é un dos piares, por non dicir o pilar fundamental, dunha sociedade democrática. Polo tanto, máis que unha materia pendente, é unha administración que todos os días debemos atender, porque cada día xorden novas necesidades ás que lle dar resposta. Os cidadáns confían máis no sistema político. Na nosa democracia percíbese que os dereitos son amparados, e o dereito á tutela xudicial é un dereito esencial que funciona como garante de todos os demais. Sobre isto teño que dicir que a percepción xeral é que a xustiza é lenta pero funciona.

Que lle diría a un cidadán que pensa que a xustiza está politizada?

Primeiro, que ten a sorte de vivir nun país onde pode expresar esa opinión, que non é pouco.

En segundo lugar, eu compartiría con ese cidadán a experiencia e a confianza no extraordinario labor que cada día os nosos órganos xurisdiccionais, unipersoais ou colexiados, desempeñan, moi lonxe do ruído que ás veces se monta ao seu carón.



Que lle recomendaría a un novo avogado ou avogada? Que consello lle daría?

Que se vive da e coa profesión. A profesión de avogado ou avogada é unha das profesións máis fermosas que existen e que, se de verdade lle gusta, se a vive con paixón, non só poderá facer dela a súa forma de vida, senón que desfrutará do seu traballo cada día.

Que valoración fai do traballo que fan os colexios da avogacía?

Os colexios da avogacía están a facer un gran papel, tanto na formación dos profesionais como na xestión da profesión, e tamén cara á sociedade.

No caso do ICA de Compostela teño que dicir que a súa actividade na formación, tanto inicial –a través do MUA– como continua, é intensa e moi valorada no ámbito profesional e académico.

Por outra banda, unha xustiza gratuíta como a que temos nunca podería funcionar sen un colexio que a xestionase, e basta achegarse un día calquera ao colexio da avogacía para ver o inxente labor que fan todos e todas as traballadoras que alí están atendendo os cidadáns e as cidadás que veñen cos seus problemas a solicitar asistencia xurídica gratuíta.

Como lle comunicaron que sería delegado do Goberno?

Creo que xa o dixen noutra entrevista. Estaba coa miña sobriña Alba e coa miña muller nun parque en Castellón cando me chamaron para dicirme que o presidente Pedro Sánchez me nomearía no

seguinte Consello de Ministros. E chamoume o secretario xeral do PSdG, Valentín González Formoso, para dicirme. Como esquecer esa oportunidade?

Que valoración fai dos seus primeiros meses no cargo?

Pois teño que recoñecer que están sendo moi intensos, pois tivemos que xestionar unhas eleccións xerais e ademais coincidiu coa presidencia española da UE, o que motivou que en Galicia tivéssemos moito traballo, e estivéssemos no foco mediático internacional ao ser anfitrións de importantísimas reunións de alto nivel.

Así, a Reunión Informal de Ministros (RIM) de Pesca, que se realizou en Vigo o 17 e o 18 de xullo; a Conferencia de Alto Nivel sobre o Envellecemento, que tivo lugar en Lugo o 7 de agosto; o Consello de Asuntos Económicos e Financeiros (Ecofin), que se desenvolveu en Santiago de Compostela entre os días 14 e 16 de setembro, ou no encontro internacional “El futuro del trabajo y el diálogo social”, levado a cabo tamén en Compostela o pasado 21 de setembro.

Pero en todo caso, son experiencias extraordinarias que foron máis fáciles de abordar grazas ao extraordinario equipo que traballa comigo a á inestimable colaboración dos meus antecesores, José Ramón Gómez Besteiro e José Manuel Miñones Conde.

Como é a relación coas outras administracións? coa Xunta, coa Deputación ou cos concellos?

Teño que recoñecer que é unha relación cordial, de estreita colaboración e sobre todos de lealdade institucional.

“Aínda que a banca foi o meu primeiro destino profesional, cando me propuxeron exercer, non fun capaz de negarme... Tiña a ilusión de traballar de avogado”





“A xustiza é un dos piares dunha sociedade democrática. Máis que unha materia pendente, é unha administración que todos os días debemos atender”

A Delegación do Goberno en Galicia é o organismo da Administración Xeral do Estado encargado de exercer a representación do Goberno de España en Galicia. Polo tanto, somos o punto de conexión de cada concello, de cada deputación e da Xunta de Galicia co Goberno, con cada ministerio, con cada organismo autónomo, co Goberno de España.

Ten pensando prolongar a súa experiencia na política ou non ten unha decisión tomada?

A verdade é que non teño unha decisión tomada, pero en todo caso, debo confesarvos que igual que desfruto sendo o representante do Goberno de España en Galicia, sobre todo porque aprendo cada

día, tamén disfrutaba co exercicio...

Na vida non sempre decides con moita antelación este tipo de cousas, simplemente pasan.

Bota de menos ou seu traballo no sindicato UXT?

Ás veces boto de menos a xente que me rodeaba, os compañeiros e compañeiras, ou o tempo de agarda para entrar nunha vista, e ás veces o traballo, porque son avogado por vocación, e iso marca sempre.

Agora ben, estou moi contento nesta etapa que estou a vivir e son consciente da sorte de estar aquí.

Preguntas persoais para responder cunha palabra ou frase moi breve

Campo ou cidade? Compostela, sen dúbida.

Un libro: *Dime quien soy*, de Julia Navarro

Unha comida: Como non, o churrasco.

E para beber? Auga

Unha frase: “Un é dono do seu silencio, e escravo das súas palabras...”

Un personaxe histórico: Nelson Mandela

Un sinónimo de Galicia: Fogar

Unha película: *Love Actually*, cada nadal volvo vela...

Unha canción: (só unha??) *So far away*, de Dire Straits, pero poderían ser ducias. Encántame a música!!

Un desexo: Contribuír a mellorar o que recibín, e ver feliz a xente que me rodea.

Un vicio confesable: O café!!

Bases de datos de xurisprudencia ICA Santiago


Web colexial: <https://www.icasantiago.org/bases-de-datos-biblioteca-online/>

De consulta gratuita para todos e todas as colexiadas


- Acceso con usuario (núm. colex.) e contrasinal

Bases de datos:

- VLex
- Tirant Lo blanch
- Innovative Worker – Economist and Jurist
- Biblioteca Virtual Sepin
- CENDOJ
- Biblioteca CGAE




BASES DE DATOS / BIBLIOTECA ONLINE



San Raimundo 2023: Emotivo recoñecemento á traxectoria do xuíz José Vicente Alvariño e ao traballo pola inclusión de Cogami



 Colexio da Avogacía de Santiago celebrou no mes de maio a festividade de San Raimundo de Peñafort, á que asistiron máis de 300 persoas. O emotivo acto central foi no Paraninfo da Facultade de Historia da USC.

Nesta ocasión, o colexio entregou a súa Medalla de Ouro a José Vicente Alvariño Alejandro, maxistrado do Xulgado Contencioso-Administrativo Número 2 de Santiago de Compostela. O XIII Premio de Dereitos Humanos foi para Cogami, a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, unha entidade constituída por máis de 50 asociacións.

«Desde o colexio, sempre defendemos o labor da avogacía en beneficio da sociedade, con servizos como a xustiza gratuíta, por iso o San Raimundo 2023 é tan especial, polas persoas e as entidades que homenaxeamos», asegurou Francisco Rabuñal, decano da Avogacía de Santiago.

«José Vicente Alvariño deixa unha profunda pegada en toda a xustiza galega, unha traxectoria impecable de servizo público», engadiu Rabuñal, que considerou «fundamental o traballo pola inclusión das persoas con algunha discapacidade que realiza Cogami».

Presidiron o acto central no Paraninfo da Facultade de Historia o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, José María Gómez y Díaz-Castroverde; o fiscal superior de Galicia, Fernando Suanzes; o xuíz decano de Santiago, Andrés Lago Louro; o reitor da USC, Antonio López; a, daquela, presidenta do Consello da Avogacía Galega, Lourdes Carballo, e Francisco Rabuñal.

Recibiron tamén a insignia de ouro os colexiados e colexiadas que cumpren 40 anos de exercicio profesional, ao que seguiu un recoñecemento a Juan Cástor Vázquez pola súa etapa como comisario do CNP en Santiago: «Outra persoa sempre disposta a axudar e a colaborar, moitas grazas por todo, Juan», engadiu o decano do colexio.




O acto completouse coa entrega de diplomas aos colexiados e colexiadas que cumpren 25 anos de exercicio profesional, a xura ou promesa de novos letrados e letradas, e un recoñecemento

a Inmaculada López Domínguez con motivo da súa xubilación como traballadora do Colexio da Avogacía Santiago. A xornada rematou cunha cea-baile no hotel Oca Puerta del Camino.



A Escola de Práctica Xurídica de Santiago despide nun emotivo acto os 54 alumnos e alumnas do Máster en Avogacía



Escola de Práctica Xurídica (EPX) de Santiago de Compostela celebrou o pasado mes de abril o seu tradicional acto anual para despedir os 54 alumnos e alumnas da 10ª promoción (2021/2023) do Máster Universitario en Avogacía (impartido pola USC e o Colexio da Avogacía de Santiago).

O acto, no Salón Nobre do Colexio de Fonseca, contou coa presenza do fiscal xeral do Estado, Álvaro García Ortiz, antigo docente e titor da titulación.

García Ortiz destacou «a formación que reciben neste máster os alumnos e alumnas, grazas á implicación do Colexio da Avogacía de Santiago e da Universidade de Santiago de Compostela».


A escola, dirixida por Lotario Vilaboy, recoñeceu ademais a colaboración das institucións profesionais que participan nas actividades formativas da Escola. Máis de 300 persoas asistiron ao acto.

Neste curso académico 2023/24, a escola imparte por vez primeira o Máster oficial en Avogacía e Procuradoría de Santiago de Compostela, impartido pola Universidade de Santiago e os colexios da avogacía e da procuradoría.

Sesenta prazas cunha formación especializada e cunha metodoloxía eminentemente práctica, que inclúe sete meses de prácticas en bufetes e administracións públicas.



Aprobación da conta xeral e toma de posesión dos membros da xunta de goberno elixidos no pasado mes de decembro

 Colexio da Avogacía de Santiago celebrou o pasado mes de febreiro a súa xunta xeral, na que a institución fixo balance do ano 2022 e tomaron posesión os membros da xunta de goberno que foron elixidos nas eleccións de decembro.

Francisco Rabuñal Mosquera continuará como decano do Colexio da Avogacía de Santiago ata decembro de 2027; Carmen González Ferro será a vicedecana do colexio e deputada 1ª; Patricia López Arnoso, deputada 4ª, e María Jesús Vieito Mayo, a bibliotecaria. Entra por primeira vez na xunta de goberno Jorge Eladio Romero Rivera como deputado 5º.

Na xunta, o decano resumiu os principais acontecementos do ano 2022, no que o colexio recuperou a presencialidade nas súas actividades de formación, despois das limitacións da pandemia.

«A formación continua e dar o maior número posible de servizos aos colexiados foron as nosas prioridades durante o ano 2022 e continuaremos nesta liña no futuro», explicou Rabuñal.

O colexio aprobou o seu novo estatuto, continuou co seu proceso de dixitalización e xestionou un servizo esencial para a sociedade, como é o da xustiza gratuíta.



Charlas informativas sobre a mutualidade e o RETA

A Xunta de Goberno do ICA Santiago, consciente da problemática e da incerteza entre os colexiados mutualistas en relación coas coberturas e as pensións de xubilación, así como a comparativa destas co RETA, organizou no mes de xullo dúas sesións informativas para dar a coñecer con detalle as distintas alternativas

A primeira delas correu a cargo de Fernando Ariza Rodríguez, director xeral adxunto de Mutua-
lidad de la Abogacía, mentres que a relatora da segunda foi Victoria Regueira Rodríguez, letrada da Seguridade Social.



As dúas charlas contaron cunha asistencia masiva, e todos os colexiados e colexiadas presentes puideron resolver as súas dúbidas cos dous relatores.



Evaristo Nogueira, Gran Cruz ao Mérito no Servizo á Avogacía

Evaristo Nogueira, durante 15 anos decano do Colexio da Avogacía de Santiago, recibiu en Madrid de mans de Victoria Ortega, presidenta do Consejo General de la Abogacía Española, a Gran Cruz ao Mérito no Servizo á Avogacía en recoñecemento á súa traxectoria profesional.

Destacouse tamén o seu traballo como presidente do Consello da Avogacía Galega. Na actualidade, é decano de honra do Colexio da Avogacía de Santiago.

"Agradezo a distinción, foi unha honra representar durante máis de 15 anos os avogados e as

avogadas de Compostela, defendendo os seus intereses e loitando por unha tutela xudicial efectiva na nosa sociedade", asegurou Nogueira.



Congreso Anual da Asociación Nacional de Laboralistas en Santiago

A vicedecana do Colexio da Avogacía de Santiago, Carmen González Ferro, participou na inauguración do Congreso Anual da Asociación Nacional de Laboralistas (ASNALA), que tivo lugar a finais de outubro en Compostela.

González Ferro destacou «a calidade da formación e dos relatorios, así como a importancia da convivencia entre profesionais neste tipo de congresos». Máis de 400 persoas participaron no congreso dos avogados e avogadas laboralistas. Tras un ano marcado por grandes cambios na normativa e na xurisprudencia,



o congreso foi un espazo perfecto para debater sobre a actualidade das relacións laborais e, ademais, aprender das mellores prácticas no ámbito nacional.

Visita ao Colexio da Avogacía de Santiago

Presidentes de colexios da avogacía do Brasil e México realizaron unha visita ao Colexio da Avogacía de Santiago en outubro. Entre eles, estaba Gustavo Ventura Torres, presidente da Federación Nacional de Avogados de Brasil. Na visita, coñeceron da man da xunta de goberno o funcionamento do colexio e a xestión de temas como a xustiza gratuíta.



Convenio de colaboración entre a Avogacía de Santiago e Unión de Artesanos

O Colexio da Avogacía de Santiago asinou un acordo de colaboración coa entidade Unión de Artesanos para ofrecer unha promoción especial dun seguro de saúde aos colexiados e colexiadas e aos seus familiares.

Na sinatura participaron Francisco Rabuñal, decano do Colexio da Avogacía; Fernando González-Concheiro, decano do Colexio de Procuradores de Santiago, e Roberto Barcia, presidente de Unión de Artesanos.

Grazas a este acordo, os colexiados ou familiares que tramiten a alta nesta póliza non pagarán as tres primeiras mensuralidades.

É unha póliza sen copagamentos; sen carencia para consultas e probas diagnósticas; sen incremento da cota por idade (desde a contratación); coa posibilidade de contratación sen límite de idade, e cun gran cadro médico cos mellores especialistas e centros sanitarios.



Xornadas de violencia de xénero e vítimas de violencia sexual

O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, en colaboración coa Escola de Práctica Xurídica, co Consello da Avogacía Galega e coas consellerías de Presidencia, Xustiza e Deportes, Emprego e Igualdade, organiza durante o mes de novembro as 'Xornadas de violencia de xénero e vítimas de violencia sexual'.

Na xornada do 7 de novembro, houbo un relatorio sobre 'A valoración da proba nos delitos contra a liberdade sexual', de José Gómez Rey, maxistrado da Sección 6ª da AP da Coruña, e outra de 'Violencia de xénero e sexual nas redes', a cargo de Antonio Roma Valdés, fiscal da Fiscalía de Área de Santiago.

Na sesión do 9 novembro, falou-se de 'A violencia económica e as súas consecuencias. Análise da lexislación e xurisprudencia', a

cargo de María Martín González, responsable da Comisión de Igualdade e Quenda de Violencia de Xénero do ICA Oviedo, e o segundo relatorio foi 'Acusación particular en delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual', de Sara Belén Sánchez Gamonal, avogada dun centro de atención a vítimas de violencia sexual de Madrid.



XVI Xornada Xustiza e Lingua: reflexións para a normalización

O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, organizou a décimo sexta edición desta xornada, destinada a analizar a situación do galego na xustiza.

Nesta ocasión, a xornada consistiu nunha mesa redonda titulada «Os dereitos lingüísticos da cidadanía ante a Administración (en particular, a de Xustiza)», que propiciou o diálogo acerca do cumprimento/vulneración dos dereitos lingüísticos.

Nela participaron Valentín García (secretario xeral de Política Lingüística); Goretti Sanmartín (alcaldesa de Santiago de Compostela); Marcos Maceira (presidente d'A MESA), e Sergio Aramburu (se-

cretario técnico do Consello da Avogacía Galega). Francisco Rabuñal Mosquera, decano do ICA de Santiago, realizou a apertura da xornada.



Cara a unha linguaxe xurídica galega de calidade

Unha administración, moderna e de calidade, debe comunicarse cos seus interlocutores dunha forma eficaz, respectar o seu dereito lingüístico e procurar a xestión áxil e sinxela dos seus procedementos acorde coas necesidades da sociedade actual, que demanda, cada vez máis, transparencia, efectividade e coherencia.

Ante isto, o persoal cualificado e ben formado é consciente da importancia de que ofrecer un servizo de calidade implica acadar un nivel de coñecemento do tecnolecto xurídico axeitado, sen incorreccións nin interferencias, baseado

nunha linguaxe clara, precisa e accesible. A calidade dos seus textos en galego, tanto orais coma escritos, é un indicador claro da efectividade do servizo que lle ofrece á cidadanía.

É por iso que neste artigo presento unha escolma dos aspectos que poden axudar a mellorar a calidade e a conservar a propia identidade da linguaxe xurídica galega e, polo tanto, non debemos desprazalos por construcións copiadas doutras linguas. Tamén, inclúo algunhas incorreccións ou vicios que hai que desbotar dunha redacción coidada.

Alguns aspectos de gramática que cómpre revisar nun texto xurídico

Aspectos	Usos que hai que evitar	Usos correctos
O galicismo «substantivo + a + infinitivo»	* Documentación a presentar.	- Documentación que hai que / cómpre presentar.
O pronome pleonástico de CI	* Entreguen ao debedor unha copia da demanda.	- Entréguelle ao debedor unha copia da demanda.
O adxectivo identificador «mesmo/a»	* Analicemos os feitos e as consecuencias dos mesmos.	- Analicemos os feitos e as consecuencias deles.
O adxectivo determinado «dito/a»	* A súa asistencia a dito acto causou abraio.	- A súa asistencia ao dito acto causou abraio.
O adxectivo identificador «presente»	* Recibe a presente en presenza das seguintes testemuñas.	- Recibe a presente citación en presenza das seguintes testemuñas.
A construción «previo/a + substantivo»	* A decisión tomarase previo informe da Fiscalía.	- A decisión tomarase tras o informe / logo do informe da Fiscalía.
A omisión da conxunción «que» e o artigo.	* Ordeno fórmese peza separada.	- Ordénolle que se forme unha peza separada.
O indefinido na dobre negación	* Non existe apoio legal algún.	- Non existe apoio legal ningún.
O uso dos pronomes de acusativo e de dativo.	* Infórmolle de que o declarou non apto para...	- Infórmoo de que o declarou non apto para...
Ter por e dar por + participio	* Teremos por concluídas as pescudas cando...	- Concluiremos as pescudas cando...

O infinitivo sen réxime	* Reiterar que nesta vista non se tiveron en conta as probas.	- Hai que reiterar/Reitérolles que nesta vista non se tiveron en conta as probas.
O complemento directo sen preposición «a»	* O avogado que representa ao demandado...	- O avogado que representa o demandado...
A pasiva reflexa con «se»	*Xa se pronunciou a sentenza polo xuíz.	- O xuíz xa pronunciou a sentenza.
Os usos do xerundio	*A parte demandante interpuxo un recurso, estimándose na segunda instancia.	- A parte demandante interpuxo un recurso e estimouse na segunda instancia.

Alguns aspectos de redacción e estilo que cómpre revisar nun texto xurídico

Aspectos	Usos que hai que evitar	Usos correctos
Os signos de puntuación	* Mediante esta notificación comunícaselle a sentenza, a dona Guiomar... * O cal se fai público por medio deste anuncio, para que, no prazo dun mes, presente...	- Mediante esta notificación comunícaselle a sentenza a dona Guiomar... - O cal se fai público por medio deste anuncio para que, no prazo dun mes, presente...
As maiúsculas e as minúsculas	* Os Xulgados citarán as testemuñas... * Esta Administración presentou os...	- Os xulgados citarán as testemuñas... - Esta administración presentou os...
A concordancia	* Requiríuselle a presentación de novos xustificantes aos afectados. * Confío e acepto as medidas.	- Requiríuselles a presentación de novos xustificantes aos afectados. - Confío nas medidas e acéptoas.
A ordenación sintáctica e o abuso de incisos	* Que, mediante resolución do 20.01.2011, tomouse, entre outras, a seguinte decisión:	- Que se tomou a seguinte decisión mediante a resolución do 20.01.2011:
As cantidades	* Fai 3 días que se publicou a circular informativa.	-Hai tres días que se publicou a circular informativa.
As construcións absolutas do participio e do xerundio	* Visto o informe técnico sobre a ilegalidade... * Abríndose un prazo de reclamacións e non producíndose ningunha no prazo estipulado acordouse confirmar a listaxe provisional.	- Logo de ver o informe técnico sobre a ilegalidade... - Acordouse confirmar a listaxe provisional, xa que non se presentou ningunha reclamación no prazo estipulado.
O circunloquio	* dar aviso / dar comezo / facer entrega / poñer en coñecemento...	Avisar / comezar / entregar / comunicar...
A nominalización	* A cuestión exposta no expediente é a improcedencia da vía de constrinximento pola existencia dunha solicitude de taxación pericial contraditoria coa suspensión.	- Exponse no expediente que non procede a vía de constrinximento porque se solicitou unha taxación pericial contraditoria coa suspensión.

Alguns aspectos de léxico que cómpre revisar nun texto xurídico

Aspectos	Usos que hai que evitar	Usos correctos
Os estranxeirismos	* xogar un papel / contáiner / en profundidade / chequeo...	desempeñar un papel / contedor / a fondo, con detalle / revisión médica...
As locucións	* a nivel de / de acordo a / en base a / con data do / en calidade de...	en / de acordo con, segundo, conforme / baseado en, segundo / do día, do / como...
A concordancia	* abogado / por elo / apremio / acreedor...	avogado / por iso / constrinximento / acredor...

Estes e outros aspectos pódense profundar nos cursos de linguaxe xurídica que promoven a EGAP e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Tamén se poden consultar nos manuais dos cursos en:

https://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/_/aprendelo/contido_0119/novos-manuais-linguaxes-xuridica-administrativa

Para rematar, unha lingua é importante porque ten valor para aquelas persoas que a empregan, por iso temos que favorecer e respectar que a cidadanía empregue a lingua galega con natu-

ralidade nas comunicacións orais e escritas coa Administración e, aínda máis, os operadores xurídicos (avogados, partes, fiscais, policía xudiciais, forenses...), que non deben refugala. Se temos a formación, se a nosa lingua ten valor para nós, por que non contribuír a fortalecela? Non lle perdamos nunca o apego a ela, é de xustiza.

Francisco Freire Vila

Filólogo e profesor de cursos de linguaxe xurídica da Secretaría Xeral de Política Lingüística

Sobre o testemuño que dan as testemuñas...

Toma nota!

No galego xurídico usamos a forma *testemuña* para nos referirmos á 'persoa que comparece diante da xustiza para declarar sobre algo que viu ou sentiu'. A partir desta palabra temos no dereito as seguintes frases: *falsa testemuña* (a que dá un testemuño falso); *testemuña de cargo* (a que declara nun xuízo en contra do acusado); *testemuña de descargo* (a que declara nun xuízo en favor do acusado).

Co significado de 'declaración que fai unha testemuña acerca dalgún feito' usamos *testemuño*. Sobre esta palabra creouse a frase con que se nomea o delito de *falso testemuño* (declaración que se dá faltando conscientemente á verdade).

Artigo 365.1 da LAC sobre «xuramento ou promesa das testemuñas»

«Antes de declarar, cada **testemuña** prestará xuramento ou promesa de dicir verdade, coa cominación das penas establecidas para o delito de **falso testemuño** en causa civil, das que será instruída polo tribunal se manifesta ignoralas.»

(Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil —Suplemento en galego núm. 2 do BOE do 05.02.2000:

https://www.boe.es/boe_gallego/dias/2000/02/05/)

O Colexio nas redes

A comunidade do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela nas redes sociais medrou un ano máis, acadando os 3.125 seguidores coa suma de Facebook, Instagram e X (antigo Twitter).

En concreto, o perfil de X ten 1.912 seguidores, 905 o de Facebook e 308 o de Instagram. O colexio conta tamén cunha canle en YouTube.

Nas súas redes sociais, o colexio comparte cos colexiados, colexiadas e co conxunto da sociedade de Compostela as súas actividades, novas de interese no sector, sentenzas, os eventos de formación da avogacía española, etcétera.

Desde o colexio agradecemos a implicación dos colexiados e colexiadas, interactuando coas publicacións da institución.



La Voz de Galicia

Emotivo homenaje del Colexio da Avogacía de Santiago al juez José Vicente Alvarino y al comisario Cástor Vázquez

XURXO MELCHOR
SANTIAGO

La Voz de Galicia

El Colexio da Avogacía de Santiago concede su medalla de oro al juez José Vicente Alvarino

XURXO MELCHOR
SANTIAGO

La Voz de Galicia

Francisco Rabuñal seguirá como decano del Colexio da Avogacía de Santiago

LA VOZ
SANTIAGO

La Voz de Galicia

SANTIAGO

María del Carmen Ferro, vicedecana del Colegio de Abogados de Santiago: «Ás veces poñer a denuncia abonda para que o veciño que dá problemas pare»

ANDRÉS VÁZQUEZ
SANTIAGO / LA VOZ

La Voz de Galicia

SANTIAGO CIUDAD

El abogado Evaristo Nogueira, premiado por el Consejo General de la Abogacía Española

LA VOZ



SE EU FORA ALCALDE

Francisco Rabuñal

DECANO DO COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO

“LOITARÍA POR UNHA XUSTIZA MÁIS ÁXIL E RÁPIDA”

Se Francisco Rabuñal fose alcalde, como avogado de profesión, loitaría por dotar a Compostela dos medios que necesita para ter unha xustiza “máis áxil e rápida ao servizo da cidadanía, sobre todo tendo en conta que somos a capital de Galicia”. Asegura, que de forma urxente, pelexaría por “un novo xulgado de Familia, un xulgado exclusivo para violencia de xénero e outro do Contencioso-Administrativo”. Como capital de Galicia, xúlganse en Compostela moitos asuntos que convirten en moi necesarias estas novas dotacións. “A xustiza é un servizo público, é sen dúbida un dos grandes asuntos pendentes do noso país”, polo que Rabuñal impulsaría “un gran pacto de cidade para que fora prioridade do goberno local”.



elCorreoGallego

SANTIAGO · ÁREA · GALICIA · MÁS NOTICIAS · CAMINO DE SANTIAGO

A Avogacía de Santiago premia o xuíz Alvarino e o traballo pola inclusión de Cogami

O maxistrado recibiu a Medalla de Ouro do colexio nos actos de San Raimundo de Peñafort

Rosa Martínez
Santiago | 27/05/22 | 00:00

SEIZ

Ego tu entis

Hay por Hay Santiago

Tribunales

El decano de los abogados de Santiago augura nuevos atascos judiciales por la huelga de letrados

Francisco Rabuñal se muestra comprensivo con las demandas de los huelguistas pero teme que empeore la situación de una justicia que “nunca ha ido bien”



La Opinión

La Escuela de Práctica Jurídica de Santiago distingue a la prisión de Teixeiro por su “apoyo y colaboración”



A Avogacía de Santiago advirte dos graves efectos da folga de letrados

Sinalan que vai pronunciar o colapso que padece a Xustiza e amosan a súa preocupación “pola incerteza económica e laboral” que supón

JACOBO TABOAS
Santiago

Ante a “inquietante noticia da nova ruptura das negociacións” entre o comité de folga dos Letrados da Administración de Xustiza (LAX) e o Ministerio e “o incerto horizonte que isto supón”, a Xunta de Goberno do Colexio da Avogacía de Santiago advirte das “gravísimas consecuencias para os cidadáns e do colapso nos tribunais” derivado desta folga. Ademais, tamén amosaron a súa preocupación “pola incerteza económica e laboral” que o paro supón para a profesión e piden ás partes do conflito “que sexan capaces de chegar a un acordo”.

“Respectando profundamente, como non podería ser doutra maneira, o dereito á folga dos LAX, non podemos senón mostrar unha profundísima preocupación polas graves consecuencias que este exercicio do seu dereito constitucional esta carrexando”, indicaron a través dun comunicado dende o Colexio da Avogacía de Santiago. No texto tamén enumeran os efectos que esta situación está ocasionando.

En primeiro lugar, din, “a vulneración do dereito a unha tutela xudicial efectiva a todos os cidadáns que se ven na necesidade de acudir aos tribunais en defensa dos seus dereitos e que están vendo como os seus procedementos, demandas, cobramentos, sentenzas, se ven aprazados sen ningún horizonte temporal no que se albisque unha solución”. Así mesmo, destacan



González Ferro e Francisco Rabuñal, do Colexio da Avogacía de Santiago

que “é evidente que se vai pronunciar o colapso, agora xa estrutural, que padece a Administración de Xustiza e que se afondou nos últimos anos”.

Ante este escenario, entenden que esta folga, que comezou o pasado 24 de enero, “supón un grave problema para moitos compañeiros cuxa carga de traballo e, en consecuencia, os seus ingresos dependen maioritariamente do funcionamento dos órganos xudiciais e aos que as suspensións das vistas, a paralización dos procedementos, das taxacións de custas, ou dos pagamentos das contas de consignacións, supón pasar de novo por un momento de incerteza económica e laboral”.

Igualmente, dende a Xunta de Goberno do Colexio da Avogacía de Santiago expresaron a súa “fonda preocupación por todas estas negativas consecuencias”, que entenden “deben ser valoradas polas partes en conflito para que, deixando a un lado as súas diferenzas, sexan capaces de acadar un acordo, tomando exemplo dos profesionais da avogacía cando acadamos transaccións polo ben dos nosos clientes e dos seus dereitos, logrando con iso ademais a lixeirar o funcionamento da Administración de Xustiza e liberando de paso unha importante carga de traballo aos propios LAX”.

Por último, sinalan que están en contacto continuo cos órganos xudiciais para tentar procurar solucións que permitan, cando menos, “minimizar estes impactos negativos, sen que ata o momento as súas xestións”, apuntan, “frutificasen”.



Contigo y para ti

Abanderando lo mutuo, empezamos una nueva etapa.

Marcamos un antes y un después en nuestra historia.
Nuestro propósito: mejorar la calidad de vida de nuestros mutualistas, contribuyendo a una sociedad más colaborativa, justa e inclusiva.

Un nuevo futuro contigo. Un futuro para ti.

www.mutualidad.com

¿Ya tienes nuestra app?

Ahora, si realizas tus operaciones con nuestra app, participas en el sorteo de un Iphone 15.

